
Exposición Capela de Santa María
Ronda da Muralla, 140, Lugo

Horario:
Luns a venres de 10:30 a 14:00 h
e de 17:00 a 20:00 h
Sábados, domingos e festivos de 11:00 a 14:00 h
e de 16:30 a 20:00 h

Entrada libre

www.centrad.org



Formas tradicionais
da cerámica popular

Terra Chá Bonxe

11
decembro
2018

10
febreiro
2019





Os cacharreiros de Bonxe

A fabricación de cacharros de barro foi un oficio que se desenvolveu en diversos lugares da Terra Chá. Hai constancia da existencia desta industria en Ramil, Bagueixos, Tirimol e Pías, no concello de Lugo. Así mesmo, en Guillar, Silvarrei, Pape, Constante, O Cantón, Francos, Penelas, Mosteiro e Bonxe, na contorna municipal de Outeiro de Rei. Nesta derradeira parroquia existiu un abondoso número de cacharreiros até os anos sesenta do século pasado e aínda fica aberto o obradoiro de Pepa, o único onde se continúan a elaborar, na actualidade, as antigas formas xunto con outras de moderno deseño.

As pezas realizadas en Bonxe foron distribuídas polas feiras dunha extensa comarca ás cales chegaban transportadas en fardos amarrados ao lombo de animais, cabalos e bestas, principalmente,

ou mesmo utilizando o tren e autos que percorrían o traxecto até os mercados celebrados, periodicamente, nos diferentes puntos. Deste modo e maneira está documentada a venda de cacharros fabricados por artesáns de Bonxe na propia cidade de Lugo, Rábade, Castro de Ribeiras de Lea, Meira, Castrovverde, Sarria, Chantada, As Cruces, Melide, Monterroso, Parga e Vilalba, entre outros.



As barreiras, a roda e o forno

O barro, que se extraía, maioritariamente, nas barreiras situadas en San Lourenzo de Aguiar, era mesturado con outro arrincado no Rocello do Barro ou nas Rozas da Lagoa de Matela, ambos os lugares localizados no circundo da propia parroquia de Bonxe. Coa proporción axeitada de cada xacemento, procedían a pisar, escoller e deixar en condicións os bolos de arxila para confeccionar as pezas que, tradicionalmente, presentaba o seu variado catálogo.

A roda utilizada está conformada por dúas pezas circulares de madeira unidas por un eixe vertical. O conxunto xira encol da punta deste e fica ensamblado nunha estrutura onde o cacharreiro deposita os diversos utensilios que precisa para levar a cabo o seu labor. A máis grande delas, situada preto do chan, recibe o impulso do pé esquerdo do artesán para facela xirar e transmitirle o movemento



de rotación á superior, máis pequena, onde modela o cacharro coas súas mans.

Algúns días, enxugando eliminan a humidade e permiten enfornar as pezas. Os fornos de Bonxe posúen planta en forma de ferradura, coa parte frontal recta. Na súa construción, realizada en pedra de xisto, utilízase, en ocasións, a cantería para os linteis da boca e mesmo as pezas laterais que a enmarcan. Esta boca, situada na fronte do forno, é por onde se introduce a leña durante a cocción, un proceso laborioso e delicado que precisaba maña e coñecemento. No interior, observamos os arcos que ascenden dende o centro do forno para apoiar contra a parede frontal, por enriba da boca, conformando a cámara de combustión. Na parte posterior aparece a mesa, unha plataforma chá onde se distribúen, segundo un patrón, establecido as pezas que compoñen o cocedoiro.

Comisariado
exposición

Orlando Viveiro Veiga
Hixinio Flores Rivas

Imaxe
portada

Sella con tapa
(século XX)

Propiedade
Dolores Redondo

Fotografía
H. Flores